

# **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL**

## **“AXUDAS DGAN 2023”**

**CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO**

**PR961A**

## INDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. OBXECTO.....</b>	<b>3</b>
<b>3. PERSOAS BENEFICIARIAS.....</b>	<b>4</b>
<b>4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.....</b>	<b>5</b>
<b>5. SOLICITUDES.....</b>	<b>5</b>
<b>6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO.....</b>	<b>9</b>
<b>7. PAGAMENTO.....</b>	<b>19</b>
<b>8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.....</b>	<b>19</b>
<b>9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.....</b>	<b>20</b>
<b>RÉXIME XURÍDICO.....</b>	<b>21</b>

## 1. INTRODUCCIÓN.

---

A Fundación Deporte Galego é unha fundación do sector público coa condición de medio propio e instrumental da Secretaría Xeral para o Deporte, asumindo como finalidade fundacional a promoción do deporte en Galicia e, de conformidade cos seus estatutos ten encomendada, entre outras funcións, o fomento do deporte de alta competición en Galicia mediante, entre outras fórmulas, a realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas.

A convocatoria destas axudas continúa coa axuda á preparación e participación das persoas DGAN en competicións de modalidades/especialidades olímpicas e non olímpicas de ámbitos estatal, europeo e/ou mundial.

Do mesmo xeito que nas edicións olímpicas/paralímpicas anteriores de Río 2016 e Tokio 2020, as axudas DGAN no ano preolímpico de París 2024 desenvolveranse no modelo dunha única convocatoria, coa que se pretende axudar á preparación e participación en competicións ás persoas deportistas galegas que loitarán por participar nos vindeiros XXOO/PP de París 2024 e ao resto de deportistas DGAN que tiveran o recoñecemento en vigor nalgún momento dos anos 2022 e 2023.

Como novidade desta edición podemos salientar que as persoas deportistas solicitantes de axuda terán que presentar como documentación complementaria, un anexo III, a modo de formulario, no que detallarán os seus mellores resultados deportivos acadados durante o ano 2022. Unha vez presentado, o formulario será tramitado e dilixenciado pola Fundación Deporte Galego e finalmente verificado e certificado polas federacións deportivas galegas.

A presente convocatoria non é substitutiva doutras convocatorias que poida publicar a Secretaría Xeral para o Deporte

## 2. OBXECTO.

---

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas galegos/as que acrediten os requisitos administrativos e deportivos que se desenvolven nas presentes bases.

**Os intervalos temporais e resultados deportivos a valorar serán os seguintes:**

- **AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024**

- Participación en anteriores edicións dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos (Tokio 2020 ou anteriores) e ademais,
  - 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta, En CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020.
- **AXUDAS DGAN 2023**
    - **Resultados conseguidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, para o resto de Axudas DGAN,** dacordo aos requisitos do apartado 6 destas bases, en competicións de modalidades/especialidades olímpicas, paralímpicas e non olímpicas de ámbitos estatal, europeo e/ou mundial das súas respectivas especialidades e probas deportivas.

**Co fin de facilitar a identificación dos formularios de inicio na sede electrónica da Xunta de Galicia, habilítase un enlace na Guía de procedementos e servizos co código de procedemento PR961A.**

### **3. PERSOAS BENEFICIARIAS.**

---

Poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria as persoas deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- **AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024**

Tanto no caso de persoas solicitantes que sexan "*deportistas*", coma no caso de que sexan "*deportistas de apoio/deportistas guía*" de persoas deportistas paralímpicas:

- Ter veciñanza administrativa actualmente en Galicia ou tido durante a súa etapa de formación deportiva nun club deportivo galego e ademais reunir un dos seguintes requisitos:
  - Ter nado en Galicia.
  - Ter unha vinculación familiar ata o segundo grao de cosanguineidade en Galicia.



- **AXUDAS DGAN 2023**

- Ter acadado o recoñecemento pola Secretaría Xeral para o Deporte, como Deportista Galego/a de Alto Nivel nos anos 2022 ou 2023.
- Ter solicitado o recoñecemento DGAN á Secretaría Xeral para o Deporte, previamente ao remate do prazo de solicitudes da presente convocatoria e acadado unha posterior resolución positiva.
- A única excepción aos dous puntos anteriores será a de *“deportistas de apoio/deportistas guías”* solicitantes que se ben non teñen acceso ao recoñecemento DGAN, sí exerzan como tales con algunha persoa deportista paralímpica ou de deporte adaptado que sí teña en vigor o recoñecemento DGAN nalgún dos dous casos anteriores. Nese caso, á persoa *“deportista de apoio/deportista guía”* solicitante, deberá:
  - Ter veciñanza administrativa actualmente en Galicia ou tido durante a súa etapa de formación deportiva nun club deportivo galego e ademais reunir un dos seguintes requisitos:
    - Ter nado en Galicia.
    - Ter unha vinculación familiar ata o segundo grao de cosanguineidade en Galicia.
- Acreditar o nivel deportivo esixido na modalidade/especialidade practicada conforme o apartado 6.3.1. ou acadar a puntuación necesaria na aplicación do baremo establecido no punto 6.3.2. destas bases, no caso de que se lle aplique.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

No caso de todos os tipos de **Axuda**, a persoa deportista solicitante deberá cumprir cos criterios específicos estipulados no apartado *6.2. Tipos de axudas, criterios de valoración e regras comúns a todas elas*.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aquelas persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.

---

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2023 da Fundación Deporte Galego con cargo á partida "1. Axudas Monetarias" por un importe de 500.000 euros.

Sen prexuízo do anterior, en virtude dun incremento dos fondos asignados a este fin, a Fundación, se o considera oportuno, poderá acordar a ampliación do importe máximo do crédito dispoñible para esta liña de axudas. En todo caso, dita ampliación quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito necesario por parte da Fundación. A resolución de ampliación do crédito dispoñible publicárase nos mesmos medios que a convocatoria e, en ningún caso, conlevará a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

## 5. SOLICITUDES

---

### 5.1. Forma e lugar de presentación de solicitudes.

As persoas deportistas solicitantes interesadas presentarán a solicitude (**Anexo I**) preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes de forma electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén poderán presentarse s solicitudes presencialmente no Rexistro da Fundación Deporte Galego (R/ Madrid, 2-4, 2º (Fontiñas) – 15781 Santiago de Compostela), cuxo horario de rexistro aos efectos de presentación das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00 hora.

## 5.2. Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- **Anexo II. Autorización de representación.** Unicamente nos casos nos que a persoa solicitante outorgue facultades de representación a outra persoa inicialmente allea á solicitude.
- **Documento acreditativo da patria potestade ou tutela** (copia do libro de familia ou calquera outro documento que o acredite). Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade e xunto co anterior Anexo II. Autorización de representación.
- **Anexo III. Formulario de mellores resultados deportivos acadados en 2022.** Os **mellores resultados deportivos** deben facer referencia aos seguintes períodos:

- **AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024**

Permitirase neste tipo de axudas olímpicas/paralímpicas a única excepción temporal de resultados no ano 2022, do seguinte xeito:

1. Participación e resultados en **anteriores edicións dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos (Atenas 2004, Pequín 2008, Londres 2012, Río 2016 e Tokio 2020)**, xunto coa acreditación federativa de formar parte dos programas de preparación olímpica/paralímpica de París 2024 ou estar en condicións de participar nas probas de clasificación para os citados Xogos.
2. 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta, en **CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020, entre o 9 de agosto de 2021 e o 31 de decembro de 2022 para persoas deportistas olímpicas e entre o 6 de setembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022, para as persoas deportistas paralímpicas.**

- **AXUDAS DGAN 2023**

1. Neste tipo de axudas, valorarse unicamente o período comprendido **entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022** (non valen resultados de 2021 nin de 2023). É moi importante que se contrasten verazmente os resultados a incluír neste certificado e deben completarse todos os

campos, coa precisión requirida, para que finalmente poidan ser valorados.

A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán presentar a documentación complementaria presencialmente nos lugares indicados no apartado 5.1 das bases.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código de procedemento **PR961A** e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

### 5.3. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante.
- Certificación de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificación de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.



No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **5.4. Compatibilidade con outras axudas**

Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2023 procedentes de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais e/ou da Unión Europea ou de organismos internacionais -sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención-, e incompatibles no caso de premios ou axudas económicas para deportistas concedidas por outras Comunidades Autónomas durante o ano 2023.

Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, segundo o propio **Anexo I** de solicitude.

#### **5.5. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

A presentación das proposicións por unha vía diferente ás sinaladas será causa de rexeitamento ou exclusión.

## 5.6. Corrección de solicitudes

Unha vez revisada a documentación, publicarase a lista das solicitudes admitidas e daquelas que conteñan erros ou deficiencias na páxina web [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), dispoñendo a partir dese momento de **10 días hábiles** para que sexan corrixidas, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo dunha resolución expresa por parte da Fundación na que así se declare a desistencia.

## 5.7. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

No caso de optar pola notificación en papel practícarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, [Notifica.gal](http://Notifica.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 5.8. Trámites posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente na forma e nos lugares indicados no apartado 5.1 das bases.

## 5.9. Transparencia e bo goberno

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

## 6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.

---

### 6.1. Órgano de instrución.

O Director-Xerente da Fundación Deporte Galego será o órgano instrutor do procedemento, responsable da tramitación do mesmo.

Serán funcións do órgano instrutor:

- Revisar a documentación a presentar polas persoas deportistas coa solicitude de axuda e publicar a corrección de solicitudes, se é o caso.
- Realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
- Elevar a proposta de resolución das axudas ao Padroado da Fundación Deporte Galego, para a resolución definitiva.

O órgano instrutor poderá utilizar e solicitar tanta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

## 6.2. Tipos de axudas, criterios de valoración e regras comúns a todas elas.

Establécense os seguintes tipos de axudas:

### 1. AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A persoas deportistas galegas que cumpran con algunha das dúas seguintes condicións, de cara aos XXOO/PP París 2024:  -Sí acreditar estar incluído no programa oficial de preparación olímpica/paralímpica do equipo español.  -Sí acreditar estar en condicións de participar en probas de clasificación olímpica/paralímpica.
AXUDA GALICIA-PARÍS 1	6.000 €	-Sí ter acadada a praza para os vindeiros XXOO/PP de París 2024, de forma persoal ou para o equipo nacional español  OU ACREDITAR SIMULTÁNEAMENTE AS DÚAS SITUACIÓNS SEGUINTE:  -Sí ter participado nalgunha das anteriores edicións dos XXOO/PP.  -Sí ter acadado en CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA, celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020, un 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta.
AXUDA GALICIA-PARÍS 2	4.000 €	-Pese a NON ter acadada a praza olímpica  SÍ ACREDITAR ALGUNHA DAS DÚAS SITUACIÓNS SEGUINTE:  -Sí ter participado nalgunha edición anterior dos XXOO/PP.  -Sí ter acadado en CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA, celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020, un 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta.

## 2. AXUDAS DGAN 2023:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A
Axuda DGAN 1	Ata 8.000 €	Persoas DGAN que cumpran cos criterios do apartado 6.3.1.
Axuda DGAN 2	Ata 6.000 €	
Axuda DGAN 3	Ata 4.000 €	
Axuda DGAN 4	Ata 2.000 €	
Axuda DGAN 5	Ata 1.000 €	
Axuda DGAN 6	Ata 1.000 €	Persoas DGAN que non cumpran cos criterios do apartado 6.3.1. e sí cumpran cos criterios do apartado 6.3.2.
Axuda D.A. (Deportista de Apoio/Guía)	100% da axuda DGAN	Persoas DGAN ou non DGAN que acrediten competir como deportistas de apoio ou guía de persoas deportistas paralímpicas ou de deporte adaptado que cumpran cos resultados deportivos dos apartados 6.3.1. ou 6.3.2.

As axudas axustarase ás seguintes regras:

- A suma total de axudas concedidas non poderá superar o orzamento máximo previsto no punto 4 destas bases.
- Concederase unha única axuda por persoa deportista solicitante, sendo esta a de maior importe de todas ás que poidera optar, por cumprir cos criterios do baremo recollido no apartado 6.3. As únicas excepcións a esta regra serán os casos de persoas deportistas que acrediten resultados como DGAN e:



- Conxuntamente como deportistas de apoio/guía de outras persoas deportistas de alto nivel que practiquen modalidades/especialidades paralímpicas ou de deporte adaptado.
- En dúas modalidades deportivas diferentes (non especialidades nin probas diferentes).

Nestes ámbolos dous casos, percibirán as dúas axudas, sendo a de maior importe, polo 100% da súa contía máxima establecida e a de menor importe, do 50% do seu respectivo máximo establecido.

- O importe destas axudas calcularase en función da aplicación dos baremos previstos no apartado 6.3.
- Dentro de cada un dos tipos de **AXUDA GALICIA-PARÍS 2024, AXUDA DGAN 1, AXUDA DGAN 2, AXUDA DGAN 3, AXUDA DGAN 4 e AXUDA DGAN 5**, todas as persoas beneficiarias percibirán a mesma cantidade económica. **No caso das AXUDAS D.A., a persoa deportista solicitante percibirá o 100% da AXUDA DGAN que lle correspondería en base á valoración dos resultados que acadaría a persoa deportista axudada, cos baremos dos apartados 6.3.1. e 6.3.2.**
- Para ser persoa beneficiaria das **AXUDAS DGAN 6**, será necesario acadar **como mínimo 15 puntos** na valoración de resultados, segundo o subapartado 2. do punto 6.3.2.2. (participación e resultados en competicións no ano 2022).
- A todas as axudas se lles aplicarán as retencións legalmente vixentes en base á normativa do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

### 6.3. Procedemento de concesión

As axudas concederanse en réxime de concorrencia non competitiva. En consecuencia, non será necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, atendéndose unicamente ao cumprimento efectivo dos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria e á subsistencia de crédito na data de presentación da solicitude.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes e comprobadas as que cumpren con todos os requisitos administrativos detallados nestas bases, o Órgano Instrutor

enviará os anexos III cumplimentados e presentados polas persoas solicitantes, ás respectivas federacións deportivas galegas nas que declaren ter rexistrada a súa licenza deportiva, para que verifiquen e certifiquen o seu contido.

Recibidas as certificacións de resultados, aplicaranse a todas os seguintes baremos, na mesma orde que se detallan a continuación, en función da información reflectida por cada federación en dita certificación.

### 6.3.1. BAREMO AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A persoas deportistas galegas que cumpran con algunha das dúas seguintes condicións, de cara aos XXOO/PP París 2024:  -Sí acreditar estar incluído no programa oficial de preparación olímpica/paralímpica do equipo español.  -Sí acreditar estar en condicións de participar en probas de clasificación olímpica/paralímpica.
AXUDA GALICIA-PARÍS 1	6.000 €	-Sí ter acadada a praza para os vindeiros XXOO/PP de París 2024, de forma persoal ou para o equipo nacional español  OU ACREDITAR SIMULTÁNEAMENTE AS DÚAS SITUACIÓNS SEGUINTE:  -Sí ter participado nalgunha das anteriores edicións dos XXOO/PP.  -Sí ter acadado en CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA, celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020, un 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta.
AXUDA GALICIA-PARÍS 2	4.000 €	-Pese a NON ter acadada a praza olímpica  SÍ ACREDITAR ALGUNHA DAS DÚAS SITUACIÓNS SEGUINTE:  -Sí ter participado nalgunha edición anterior dos XXOO/PP.  -Sí ter acadado en CAMPIONATOS/COPAS DO MUNDO/EUROPA, celebrados posteriormente aos XXOO/PP Tokyo 2020, un 1º-2º-3º posto en categoría absoluta ou 1º posto en categorías intermedia ou previa á absoluta.non acreditar os resultados requiridos na anterior liña de Axuda DGAN

### **6.3.2. BAREMO AXUDAS AXUDAS DGAN 1, AXUDAS DGAN 2, AXUDAS DGAN 3, AXUDAS DGAN 4 e AXUDAS DGAN 5.**

Cando se certifiquen varios resultados deportivos, só se terá en conta finalmente un único resultado, que será valorado como o mellor acadado de todas as categorías e campionatos acreditados, e que permitirá resolver a axuda co importe máis elevado das posibles a valorar, salvo as excepcións citadas no punto 6.2. Para elo, teranse en conta os seguintes cadros:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE
Axuda DGAN 1	8.000 €	Categoría Absoluta: 1º no CM	-	-
Axuda DGAN 2	6.000 €	Categoría Absoluta: 2º ou 3º no CM ou 1º no CEu Categorías Previa Absoluta e Intermedia: 1º no CM	-	-
Axuda DGAN 3	4.000 €	Categoría absoluta: De 4º a 8º no CM, ou 2º ou 3º no CEu. Categorías Previa Absoluta e Intermedia: 2º ou 3º no CM ou 1º no CEu.	-	-
Axuda DGAN 4	2.000 €	Categoría Absoluta: Participación no CM, ou de 4º a 8º no CEu, ou 1º no CEsp Categorías Previa Absoluta e Intermedia: 4º a 8º no CM, ou 2º a 3º no CEu	Categoría Absoluta: De 1º a 3º no CM ou 1º no CEu.	Categoría Absoluta: 1º no CM.
Axuda	1.000 €	Categoría Absoluta:	Categoría Absoluta: De 4º	Categoría Absoluta: 2º



TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE
DGAN 5		Participación no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> Participación no Cto Mundo, 4º a 8º no CEu ou 1º no Cto Esp.	a 8º no CM ou 2º e 3º no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> De 1º a 3º no CM ou 1º no CEu.	e 3º no CM ou 1º no CEu. <b>Categorías Previa Absoluta e Intermedia:</b> 1º no CM
Axuda D.A	100% da Axuda DGAN	Os mesmos resultados das Axudas Galicia-Paris2024 ou Axudas DGAN 1, 2, 3, 4, 5 ou 6	-	Os mesmos resultados das Axudas 4, 5 ou 6

**Consideracións:**

1. **Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría. Non se inclúen aquí categorías posteriores tipo "veteráns" ou "grupos de idade".
2. **Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumpran 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
3. **Categoría Intermedia:** é categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. O órgano instrutor poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
4. **Axuda D.A.:** Tipo de axuda orientada unicamente a deportistas solicitantes de axuda que acrediten competir de forma necesaria como *deportistas de apoio/deportistas guía* de outras persoas deportistas DGAN que compitan en modalidades/especialidades paralímpicas ou de deporte adaptado. Os resultados serán valorados de acordo cos mesmo baremos que os resultados dos/as deportistas DGAN a quenes acompañan, segundo os apartados 6.3.1. e 6.3.2. destas bases.
5. **CM:** Campionato do Mundo **CEu:** Campionato de Europa. **CEsp:** Campionato de España. Poderanse valorar as Copas de España/Europa/Mundo, cando estas competicións estean conformadas por varias probas e cunha clasificación final. En ningún caso se valorará aquí ser campión dunha única proba, senón que solo poderá ser valorado o feito de ter sido campión da clasificación final.
6. **Mínimo de participación por proba:** Cto. de Europa: 15 participantes e 8 países; Cto. do Mundo: 25 participantes e 15 países. Poderase eximir deste requisito aos resultados acadados en probas

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS DGAN QUE COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE MODALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE MODALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE
<p>femininas e en probas paralímpicas masculinas ou femininas, por contar normalmente cunha menor participación. Poderase eximir tamén deste requisito a aqueles deportistas que, en máis de 2 campionatos, obtiveran posicións que cumpran o criterio deportivo, pero non o número mínimo de participantes. Nos deportes nos que exista unha fase previa de clasificación para o campionato, tamén se computarán os participantes en dita fase.</p> <p>7. Considéranse como <b>Probas olímpicas/paralímpicas</b> aquelas incluídas no programa dos XXOO/XXPP do ano 2021.</p> <p>8. Nos <b>deportes colectivos</b> será necesario formar parte da aliñación nalgún partido oficial do campionato obxecto de valoración.</p> <p>9. Poderase valorar a mellor clasificación obtida no transcurso da tempada deportiva en <b>ránkings, circuítos ou ligas mundiais, europeas ou estatais</b> naquelas modalidades deportivas nas que así se desenvolvan as súas competicións estatais ou internacionais máis relevantes.</p> <p>10. Nos <b>CM, CEu e CEsp</b>, non se valorarán os resultados obtidos en <b>probas de equipo</b> naquelas especialidades nas que sexa posible participar nunha proba individual similar, atendendo a criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.</p> <p>11. Valorarase un único resultado en <b>CM, CEu e CEsp</b> por modalidade e categoría, en concreto, aquel que teña un maior nivel deportivo.</p>				

### 6.3.2. BAREMO AXUDAS DGAN 6. Ata 100 puntos.

Segundo a orde de aplicación de baremos que estamos a detallar, no caso das solicitudes con resultados que non acaden unha valoración que lles posibilite resolver de forma directa unha das AXUDAS GALICIA-PARÍS 2024 ou algunha Axuda DGAN 1, 2, 3, 4, 5, estas serán valoradas sumando puntos (**ata un máximo de 100 puntos**), segundo os resultados acreditados, en base ao seguinte procedemento:

**1. Ter licenza nun club galego: 10 puntos.**

**2. Participación e resultados en competicións no ano 2022: ata 90 pts.** Valórase o mellor resultado en 2022 por categoría (Previa a absoluta/Intermedia, Absoluta) e ámbito da competición (Cto/Copa do Mundo, Cto/Copa de Europa, outras competicións internacionais ou Cto/Copa de España), **ata sumar un máximo de 90 puntos**, con independencia do tipo de proba ou especialidade deportiva. **Para poder ser persoa beneficiaria desta axuda, será necesario obter un mínimo de 15 puntos neste subapartado 2.**

	Categoría Previa á Absoluta			Categoría Absoluta		
	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º
Ámbito da competición	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º	Participación	Do 8º ao 4º	Do 1º ao 3º
Cto/Copa do Mundo	15 pts	25 pts	35 pts	25 pts	35 pts	45 pts
Cto/Copa de Europa	10 pts	15 pts	25 pts	15 pts	25 pts	35 pts
Outras competicións internacionais	5 pts	10 pts	15 pts	10 pts	15 pts	25 pts
Cto/Copa de España	2 pts	5 pts	10 pts	5 pts	10 pts	15 pts

**Consideracións:**

- Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría. Non se inclúen aquí categorías posteriores tipo "veteráns" ou "grupos de idade".
- Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumpran 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
- Categoría Intermedia:** é a categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. O órgano instructor poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
- Cto/Copa de España:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no estado español, normalmente Campionatos de España da modalidade/especialidade, que



outorguen a designación oficial de campións/as de España. As Copas de España serán valoradas cando se acredite que o nivel da competición é igual ou superior ao Cto de España, atendendo en todo momento á igualdade dos criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.

5. **Outras competicións internacionais:** Serán valoradas as competicións de carácter internacional que se ben non son as que designan de forma oficial aos campións/as de Europa/Mundo da modalidade/especialidade, sí están incluídas no calendario internacional como probas de alto nivel deportivo europeo ou mundial, tendo a consideración e recoñecemento internacionais acreditados.
6. **Cto/Copa de Europa:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no continente europeo, normalmente Campionatos de Europa da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as de Europa. Tamén poderán ser valorados os resultados acadados en probas illadas das Copas de Europa.
7. **Cto/Copa do Mundo:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo en todo o mundo, normalmente Campionatos do Mundo da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as do Mundo. Tamén poderán ser valorados os resultados acadados en probas illadas das Copas do Mundo.
8. **Ctos/Copas de España/Europa/Mundo POR EQUIPOS:** Terán o mesmo rango de valoración de resultados individuais aquelas competicións disputadas por equipos cando sexan organizadas polas federacións deportivas oficiais respectivas e se acceda a estas por clasificación. No caso de que a forma de participación sexa mediante o sistema OPEN, os resultados internacionais acreditados serán valorados no apartado Outras Competicións Internacionais, e os resultados en España non serán valorados. Todos os membros do equipo serán valorados do mesmo xeito dentro da categoría na que se acredite o resultado como equipo.

## PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

1. Inicialmente asignaranse as Axudas GALICIA-PARÍS 2024 en base ao baremo 6.3.1., por orde de maior a menor importe. No caso de que o crédito dispoñible fora insuficiente para poder outorgar o importe íntegro destas Axudas, procederáse a un prorrateo proporcional entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible, non sendo posible conceder as Axudas 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
2. Este mesmo procedemento seguirase a aplicar sucesivamente e pola prioridade citada, no caso das Axudas DGAN 1, 2, 3, 4, 5 e 6, das axudas de maior importe económico ata as de menor importe, sempre e cando o crédito dispoñible fose suficiente e ata o su reparto total.

#### 6.4. Resolución de adxudicación

Presentada a solicitude, o órgano instrutor procederá a comprobar que se reúnen as condicións esixidas para obter a condición de beneficiaria das liñas de axudas. De ser o caso, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución ao Presidente do Padroado da Fundación Deporte Galego, para que este resolva por delegación.

A resolución de concesión finalizará en calquera caso, o 31 de decembro de 2023, nos termos indicados no apartado 5 das bases. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

As listaxes das axudas concedidas publicaranse na páxina web **deporte.xunta.gal**.

#### 6.5. Aceptación da resolución

Publicadas as correspondentes resolucións, as persoas beneficiarias disporán dun prazo de **10 días hábiles** para a súa aceptación ou para presentar a súa renuncia, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que as axudas outorgadas non sexan aceptadas polas persoas beneficiarias ou que posteriormente á súa concesión se renuncie a elas, así como nos supostos do seu reintegro, non se alterará a distribución inicial do crédito entre todas as solicitudes, aínda que se aplicase a regra do prorrateo.

#### 6.6. Reclamacións

Contra as resolucións da concesión de axudas poderán interperse reclamacións perante o órgano de adxudicación, no prazo máximo de **10 días hábiles** a contar desde a publicación das listas de persoas beneficiarias das axudas na páxina web [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, con carácter previo á vía xudicial. O prazo para resolver as reclamacións será de dous meses.

Naqueles casos nos que algunha persoa solicitante e con axuda resolta se vise afectada colateralmente por algunha outra reclamación allea, teráselle

comunicado tal circunstancia, tendo todas as partes afectadas dereito a 10 días hábiles máis para facer as alegacións que consideren oportunas.

## **7. PAGAMENTO**

---

Unha vez que o Padroado da Fundación efectúe a resolución procederase ao pagamento da axuda ás persoas beneficiarias por transferencia bancaria.

Para o pagamento da axuda concedida, as persoas beneficiarias das axudas deberán ter acreditado ou deberá terse consultado, tal e como se detalla no punto 5.3. das bases, estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia (Consellería de Facenda). Non será necesario comprobalo ou acreditalo de novo se a comprobación realizada ou os certificados presentados coa solicitude están todavía en vigor no momento de proceder ao pagamento.

## **8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

---

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, durante o presente exercicio e o seguinte:

- Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria.
- Comunicar calquera eventualidade significativa no proxecto deportivo.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, no seu caso, puidera efectuar a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
- Comunicarlle á Fundación Deporte Galego a obtención doutras axudas para o mesmo fin.

- Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Xunta de Galicia, na forma que se determina no punto 5.3. destas bases.
- Participar nas actividades de difusión coa fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Secretaría Xeral para o Deporte, a Fundación Deporte Galego e/ou os seus patrocinadores e/ou entes colaboradores. No caso particular das **persoas deportistas beneficiarias das liñas de AXUDA GALICIA-PARÍS2024**, e dentro dese fin de demostrar o grao de aproveitamento desta axudas, éstas deberán colaborar coa Fundación Deporte Galego realizando unha publicación coa súa imaxe ao longo do ano 2023, nas súas redes sociais (facebook, twitter, instagram,...), publicitando a súa preparación olímpica/paralímpica de cara a París 2024, facendo referencia a esta convocatoria de Axudas.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no apartado 9 destas bases.

## 9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.

---

### 9.1. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

### 9.2. Revogación e reintegro.

A Fundación poderá proceder, tras o apercebimento previo ás persoas beneficiarias, á revogación e/ou esixencia do reintegro da axuda, así como dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento das obrigas como persoa beneficiaria establecidas nestas bases.

- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro mencionadas no apartado 8 destas bases que se puideran acometer, no seu caso, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- Calquera incumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, en materia de loita contra a violencia no deporte e en materia de protección integral contra a violencia de xénero.

## RÉXIME XURÍDICO

---

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolle aplicable o artigo 120 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do Sector Público de Galicia, os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade.